

**Sr. Alcalde do Concello de Laracha (A)**  
**Praza do Concello, s/n**  
**15145 Laracha (A)**  
**(A Coruña)**

**Clave: DH.W15.87372**

**Expediente: Autorización de obras para vivenda unifamiliar e peche de parcela no lugar de O Campo da Costa parroquia de Caión (Santa María Do Socorro), no concello de Laracha (A), (A Coruña).**

**Solicitante: Francisco Manuel Otero López**

**Asunto: Información pública**

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Francisco Manuel Otero López, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, 08 de novembro do 2022

a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)



## SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

## INFORMACIÓN PÚBLICA

## ANUNCIO

Francisco Manuel Otero López, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río das Rexas, a autorización de obras, na parcela de referencia catastral 1255701NH3915N0001TQ, no lugar de O Campo da Costa, parroquia de Caión (Santa María Do Socorro), Concello de Laracha (A) (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.87372.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda d planta baixa e alta e peche de parcela mediante muro de bloque de formigón rematada mediante maia metálica.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Laracha (A) ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 08 de novembro do 2022

a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

